

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

XOVES 16 DE XULLO 2009, 10:00 h

**A represión e o desprezo da lingua galega. As súas pegadas na
actualidade**

M.^a Pilar Freitas Juvino

Nesta exposición vou tratar de realizar unha descrición do proceso involutivo que está a padecer a lingua galega, tanto dende o punto de vista legal coma ideolóxico. Para iso valereime, nomeadamente aínda que non só, de información publicada nos medios de comunicación galegos e estatais durante os últimos meses. Asemade, intentarei facer unha pequena comparanza entre comportamentos e manifestacións de hogano cos do século precedente para evidenciar que seguen vixentes moitos preconceptos e actitudes discriminatorias coa lingua de Galiza e cos seus falantes.

1. Breve definición de represión

Podemos definir represión lingüística como o conxunto de accións deliberadas dirixidas a conseguir a imposición dunha lingua en detrimento doutra/s e que supoñen algún tipo de agresión ás persoas e ás linguas. Ao seren accións deliberadas isto implica a existencia de consciencia e intencionalidade no acto de favorecer ou protexer unha lingua e de prohibir, perseguir ou eliminar outra/s. Para acadar o obxectivo último de impoñer unha lingua nun territorio, o goberno e o poder establecido poden actuar de diversas maneiras e con diferente intensidade. Tradicionalmente véñse falando de tres maneiras de impor unha lingua: pola forza (*paus*), mediante a negociación (*cenorias*) e mediante a persuasión (*ideas*). Igualmente, as estratexias que se seguen dende o poder podémolas aglutinar en tres grupos: políticas lingüísticas explícitas e directas; políticas lingüísticas indirectas e maneiras informais de represión. Tocante aos dereitos lingüísticos, Skutnabb-Kangas e Phillipson establecen a seguinte gradación: Prohibición, tolerancia, prescrición de non discriminación e permiso, e finalmente promoción. Nesta exposición vou falar da represión lingüística e das súas pegadas na actualidade *lato sensu*, isto é, referireime non só ao *corpus* de leis, ordes e decretos represores e coercitivos tocante ás linguas que non son o castelán/español senón a todo tipo de manifestacións, afirmacións e actitudes despectivas e negadoras do valor intrínseco e extrínseco da lingua galega.

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)

2.- Lexislación

Malia ás veces manteren que o castelán/ español non se impuxo a nivel interestatal e/ou intraestatal, a realidade demostra que si existiu un abondoso *corpus* lexislativo que prohibiu e reprimiu as linguas españolas que non eran a oficial do Estado. Arestora, despois de máis de 25 anos de lexislación favorecedora e protectora da lingua galega, comezamos a desandar o camiño andado.

Organizarei o século XX e os nove anos que levamos andado do XXI en tres etapas:

2.1. 1900-1936

Antes de entrarmos nesta centuria ímonos referir a algúns precedentes lexislativos que estiveron destinadas á eliminación das outras linguas españolas. En 1480 as Cortes de Toledo ditaron unha lei pola que se dispoñía que para obter o título de escribán cumpría someterse a un exame no que se demostrase que se coñecía a lingua oficial do Estado, e en 1768 a Real Cédula de Aranjuez establece a obriga de que en todo o reino se estude única e exclusivamente en castelán. A Lei do Notariado de 1862 estipula que os documentos oficiais se escriban en castelán, o Regulamento da Lei do Notariado de 1874 insiste na tradución ao castelán cando aparezan termos ou textos noutros idiomas. Paralelamente a este reforzamento legal do castelán, son moitas as manifestacións que se fan a favor desta lingua e do que significa para a unidade nacional e en contra da diversidade de idiomas que, entre outras moitas pexas, representan unha limitación para exercer cargos en todo o territorio do Estado. Xa nesta época (XIX) se amosaba preocupación polo abandono do castelán e se promovía o seu uso.

Durante o século XX acentúase a centralización e a homoxeneización do Estado e para acadar isto e converter España nunha nación moderna só se necesita un idioma; o castelán vaise privilexiar como única lingua oficial. Alén da súa oficialidade, promulgarase lexislación *ad hoc* para reforzar a súa presenza a nivel oral e escrito en todo o territorio español.

Prohíbese o galego nas escolas e o seu uso como lingua oficial na administración e nas institucións. Prohíbese todo tipo de texto administrativo que teña que surtir efecto legal (actas notariais, documentos mercantís, etc). Mesmo se chega a lexislar para evitar que as caixas de mistos leven lemas en linguas que non sexa o español e que os medicamentos teñan a etiquetaxe noutras linguas.

Do que se trata é de relegar as linguas que non son a oficial do Estado ao ámbito oral, converténdolas en linguas ágrafas, exclusivas do ámbito familiar e privado, facéndolas invisibles a nivel escrito e nos contextos formais.

2.2. 1936-1970

Profúndase na lexislación da etapa anterior. Ameázase o profesorado con sancións, expedientes e traslados a outras zonas de España nas que non exista outra lingua para obrigárenos e empregar en exclusiva o español. Os textos notariais e de telégrafos, se son oficiais, deben redactarse en castelán; en caso contrario deberán estar acompañados dunha tradución feita por un tradutor oficial. Prohíbese inscribir no Rexistro Civil nomes que non estean consignados

na lingua oficial do Estado. Prohíbense letreiros, rótulos e anuncios de hospedaxes en calquera das outras linguas. Mesmo se chega a prohibir que se poñan nomes a barcos en linguas que non sexan o castelán. Durante este período exerceuse un control estrito e exhaustivo sobre todo o que se publicaba nas outras linguas españolas.

2.3. 1970-2009

Pásase dunha etapa de represión a un período de tolerancia e permisividade: *Ley General de Educación* (1970), decreto polo que se incorpora o galego como materia voluntaria e fóra do horario escolar á educación preescolar e á EXB (1975), decreto que regula o uso das linguas rexionais na Administración (1975), Decreto de Bilingüismo (represión e persecución de profesores (1979), Estatuto de Autonomía (1981), LNL (1983) e Decreto 124/ 2007.

Durante os últimos anos levouse a cabo unha política lingüística de xestos máis ben cara á galería, unha política *de laissez faire, laissez passer*, ou de baixa intensidade, e cando o goberno do bipartito intentou dar un paso adiante para cumprir algúns dos obxectivos explicitados no PXML, grupos minoritarios como Galicia Bilingüe reaccionaron iradamente usando como axioma a imposición lingüística. A esta falacia adheríronse con afán oportunista o PP e UPyD de Rosa Díez.

Núñez Feijoo, presidente arestora da Xunta de Galicia, prometeu en campaña electoral, oíndo os cantos de serea de GB¹ e do CFV que, en chegando ao poder, derrogaría este decreto², orixe e causa de todos os males, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, e así o está a facer (o primeiro paso consistiu nunha enquisa ou consulta, como lle gusta dicir ao conselleiro de Educación, aos pais para coñecer a súa opinión verbo do uso do galego como lingua vehicular do ensino), malia ser este unha consecuencia do desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (setembro de 2004)³, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios e promovido polo Goberno do PP, presidido por Manuel Fraga, e que nun dos obxectivos específicos para o ensino primario e secundario recolle: “Garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren matemáticas e a tecnoloxía, á parte das xa

¹ Hoxe transmutados en “inspectores lingüísticos”. GB visita as instalacións culturais para “comprobar o uso dos dous idiomas oficiais” (GH, 24-4-2009). GB vixía o PP para que cumpra os compromisos electorais en materia lingüística (GH, 28-4-2009). Na súa ousadía e sabéndose apoiados polo partido do goberno chegan a propor a retirada dunha guía sobre planificación lingüística elaborada entre outros polo actual Secretario Xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo.

² O decreto foi negociado co PP e o 22 de febreiro de 2007 a prensa daba conta do acordo alcanzado: “El gallego parece ser uno de los pocos puntos de unión entre los tres grupos políticos, que ayer volvieron a alcanzar un consenso sobre el decreto de normalización lingüística para la promoción del gallego en la enseñanza (LVG, 22-2- 2007). A representante do PP, Manuela López Besteiro, sinalaba nese mesmo xornal que o decreto garante o equilibrio entre o galego e o castelán e “a competencia lingüística entre as dúas linguas”. Malia iso, o día anterior á súa aprobación no Consello da Xunta, o PP desmárcase do acordo adoptado, e a cuestión da lingua pasou a ser, tamén, motivo de batalla política.

³ O conselleiro de Educación cualificouno de “remuíño de ideas”. Non ten valor legal ningún (LVG, 21-5-2009).

existentes". Decreto, ademais, avalado por unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 21 de novembro de 2007.

Este mesmo partido concorda coas teses segregacionistas do alumnado en función da lingua e avoga, invocando a defensa da liberdade individual, polo dereito dos pais a elixir a lingua na que queren que os seus fillos sexan ensinados, cando está explicitamente prohibido pola Lei de Normalización Lingüística, artigo 13, alínea 3: "Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as circunstancias así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes".

Se esta segregación non se está a levar a cabo é porque a escaseza de medios económicos non o permite, segundo diferentes declaracións do conselleiro de educación, Jesús Vázquez. Moitas veces xa se teñen alzado contra o que se considera un "apartheid lingüístico".

Tanto é o interese en defender o que eles denominan liberdades cívicas que o PP levou ao Congreso dos Deputados a comezos deste ano (2009) unha proposición de lei que, de ser aprobada, posibilitaría a segregación do alumnado por cuestión do idioma. Consonte o propio partido, o que pretendían era estender por toda España un proxecto de "bilingüismo harmónico, equilibrado e integrador", baseado na liberdade dos pais para elixir a educación que queren para os seus fillos (GH 28-1-2009). Mais nesta empresa xa os precedera UPyD, que o 27 de xuño de 2008 presentara unha proposición de lei para "*Prevenir y Erradicar la Discriminación Lingüística y Asegurar la Libertad de Elección de Lengua*" (*El Mundo*, 27-10-2008).

Non contentos coa súa actuación en Galiza e en Madrid, o PP despregou a mediados de marzo unha campaña na UE para que esta recomendase a posibilidade de os pais elixiren a lingua de ensino dos seus fillos; a súa estratexema non tivo éxito e, ao contrario, Europa manifestou que é esencial salvagardar o multilingüismo nos países ou rexións nos que coexisten dous ou máis idiomas (*El País*, 25-3-2009).

Dende que o PP chegou á Xunta, A Consellería de Facenda procedeu ás presas á modificación⁴ da Lei da Función Pública para que non sexa obrigatorio facer polo menos unha proba en galego para acceder a unha praza na Administración autonómica. Todo isto faise, segundo Núñez Feijoo, por "cortesía lingüística" (GH, 29-5-2009) e para "facer compatibles os coñecementos técnicos cos da lingua", nomeadamente no caso dos especialistas do SERGAS (LVG, 29-5-2009); así, moitos deles, exultantes, congratúlanse de que se lle dea prioridade ao coñecemento científico sobre o lingüístico (LVG, 25-6-2009), e só unha minoría dos 2.827 que se presentaron se decantaron polo exame en galego. A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, afirma que "A norma servirá para eliminar barreiras e favorecer a Galicia" (XG, (24-6-2009). E si que a favorece, de 5.500 opositores a mestres, unicamente 35 realizaron a proba de galego por non acreditar coñecemento suficiente do nivel requirido. Destes 35, 14 non superaron o exame. Alén diso, a modificación é retroactiva e afecta a todos os procesos selectivos en marcha (LVG, 26-5-2009).

⁴ Este atentado legislativo contra a lingua galega tivo lugar de *iure* o 23 de xuño de 2009.

Cámbiaselle o nome ás galescolas e pasan a denominarse “escolas infantís” e quedan adscritas á consellería de Educación⁵, para que nas aulas “soamente se transmitan aprendizaxes e coñecementos”, segundo o presidente da Xunta (LVG, 12-6-2009).

O novo decreto de educación infantil, publicado no DOG do 23 de xuño de 2009, contradicindo a LNL, reza que os profesores usarán nas aulas “a lingua materna predominante entre o alumnado”, eliminando o que recollía o borrador redactado polo bipartito tocante a que en contornos castelanfalantes, o uso da lingua galega sería como mínimo similar ao do castelán (XG, 24-6-2009).

3. As medidas desprotectoras do galego van unidas a campañas panexíricas e enxalzadoras do castelán/español e de menosprezo e desprestixio da lingua galega

Esta involución dende o punto de vista legal vén apoiada por unha campaña mediática moi agresiva e belixerante promovida por colectivos como GB, que ven asumidas as súas teses lingüicidas e galegóforas por partidos políticos coma UPyD e o PP, e que á súa vez contan coa colaboración activa e cómplice de certos medios de comunicación tanto estatais coma galegos.

Neste último ano redactáronse manifestos promovidos dende o Centro: *Manifiesto por la lengua común*; publicáronse informes pagados por clubs que aglutinan elites financieras: *Política lingüística. Una visión empresarial* (CFV); escribíronse manifestos persoais: “*Mi propio manifiesto*” I e II, do escritor Arturo Pérez- Reverte (*El Semanal* de LVG do 24-30 de agosto de 2009 e 31-6 de setembro de 2008); artigos a dobre páxina de Rosa Díez, líder de UPyD (*El mundo*, 27-12-2008); o presidente editor de LVG (8-2-2009), Santiago Rey Fernández-Latorre, publica un editorial titulado “*Yo protesto*” o 8 de febreiro de 2009; Andrés Freire exhibe en medios dixitais para a fundación FAES, laboratorio de ideas do PP, un panfleto cuxo título é “*Las paradojas de la “normalización” del gallego*” (17-4-2009). E poderíamos seguir cunha morea de artigos e noticias negadas que lemos acotío nos medios de comunicación.

Toda esta campaña que comezou a arreciar no 2008 antes das eleccións xerais parecía ter como data de caducidade o 1 de marzo de 2009, día da celebración das eleccións autonómicas, mais isto non foi así. En chegando ao poder o PP por maioría absoluta, os corifeos mediáticos deste partido seguen na súa angueira tratando de dar cobertura e xustificación ás medidas involucionistas postas en marcha polo goberno de Núñez Feijoo.

É tanta a información verquida nos medios de comunicación nas últimas xeiras que resulta imposible abranguela toda; por iso imos tratar de resumir as ideas forza nas que se sustenta este recuamento, esta volta atrás, mesmo ousaríamos dicir que a etapas predemocráticas, na normalización lingüística.

En primeiro lugar hai unha idea que percorre todos estes panfletos⁶: o castelán/español é a lingua común de todos os españois⁷ e todos debemos coñecela porque é a única lingua oficial do Estado segundo recolle a

⁵ Antes pertencían a Vicepresidencia (BNG).

⁶ 2ª acepción do *Xerais*: “Escrito no que se expoñen ideas, feitos ou críticas dende un punto de vista totalmente parcial”.

⁷ Isto é unha falacia, pois arredor do 40% dos españois vive nun territorio no que existe outra lingua.

Constitución. É ademais unha lingua internacional, falada por máis de 441 millóns de persoas, só en EEUU é a lingua de 41 millóns, o segundo país do mundo en número de utentes, por detrás de México, e en apenas 40 anos, cara ao 2050, calcúlase que serán 132 millóns. É lingua única en 18 países e cooficial en 3. É o segundo idioma máis estudado no mundo, só por detrás do inglés; ocupa o 3º lugar en internet, despois do inglés o do chinés. A industria editorial é a 4ª do mundo e no ano 2008 chegaron a España 237.000 turistas idiomáticos. Ante estas cifras tan extraordinarias, Ángel Martín Municio no seu libro *El valor económico de la lengua* (2003) estima que o español equivale ao 15% do PIB (125.000 millóns de euros), polo tanto non é de estrañar que xornais como *El País*, que se subtitula "*El periódico global de noticias en español*" lle dedique a miúdo reportaxes que ponderan a súa importancia no mundo e o interese crecente que está a espertar nesta sociedade eufemisticamente denominada globalizada. Claro está que en ningún lado se fai mención a que este elevadísimo número de falantes ten a súa orixe nun proceso de colonización brutal, nun xenocidio e nun etnocidio en toda regra que se iniciou a finais do século XV. Achegaremos algunhas cifras: estímase que nos 200 anos posteriores á chegada dos europeos a América o 90% da poboación indíxena foi aniquilada, entre outras causas, por enfermidades que, tanto eles como animais, lle transmitiron; no caso de México Central, calcúlase que a súa poboación indíxena estaba por enriba dos 25 millóns en 1518 e en 1620 descendera ata 1,6 millóns. Non creo necesario salientar que con toda esta poboación desapareceron centos de linguas. *El País* (28-11-2008) afirma: "*La lengua española adquirió plenitud de su ser cuando se trasladó al otro lado del Atlántico y se hizo americana*". Mario Vargas Llosa⁸ ao ser galardoado co premio Don Quixote, premio que recoñece a difusión e defensa do español, sostén que: "*Hasta muy recientemente⁹ su expansión ha sido fruto de su propia dinámica y del empuje de sus hablantes*". Declarado inimigo de toda fachenda nacionalista afirma que o español é a negación de todo nacionalismo: "*Es la lengua de quien quiera apropiársela. No tiene fronteras*". Esta última frase sérvelle ao xornal para titular a información: "*Una lengua contra las fronteras*" (*El País*, 9-6-2008).

Igualmente, o escritor Arturo Pérez Reverte gábase de que o español é unha lingua "*universal, enorme, generosa, compartida por razas diversas mucho más allá de las catetas reducciones chauvinistas*" (*El Semanal de LVG* (24-30 de agosto de 2008)). O ex alcalde coruñés Francisco Vázquez, na actualidade embaixador de España ante a Santa Sé, nun artigo titulado: "*De la lengua española*", despois de enxalzar esta e a súa relación privilexiada co Vaticano, compara a demanda de matrículas para coñecer o español no estranxeiro: 172.000 fronte ás 100 de galego. E remata o texto dicindo: "*Como para casi todo, los antiguos romanos ya tenían repuesta cuando decían: "Intelligenti pauca", que, traducido libremente, viene a decir "al buen entendedor pocas razones bastan"*" (*LVG*, 11-6-2009). Esta campaña magnificadora do castelán lémbrenos afirmacións pretéritas do tipo:

Se puede asegurar que dentro de veinte años se habrá realizado el imposible de que una nación, castigada por la coexistencia de varias lenguas, sin perseguirlas ni ultrajarlas, llegue a comunicarse gozosa y radiante, consciente de que la lengua es el imperio, según Nebrija, a

⁸ O ano anterior concedéuselle ese mesmo galardón a Lula da Silva pola promoción do español en Brasil ao incluír este idioma como optativo nas escolas de todo o país.

⁹ Supoñemos que se está a referir ao ano 1991, data da fundación do Instituto Cervantes

través del idioma que se habla en veinte naciones por nosotros descubiertas y conquistadas (Freitas Juvino, 2008: 297)

Loxicamente, unha lingua tan importante dende un punto de vista cuantitativo coma o español é un elemento valiosísimo nun mundo globalizado porque, seguindo esta tese, derruba fronteiras, significa progreso e desenvolvemento, e crea sociedades abertas a diversas culturas e aos avances tecnolóxicos, proporcionando asemade máis benestar; en consecuencia, ir contra esta realidade é recuar, ceir no tempo.

Pola contra, o resto das linguas españolas, nomeadas locais, vernáculas, minoritarias, autonómicas, non poden ser obxecto de deberes como recolle a Constitución, só de dereitos. Significan atraso e retroceso, son un lastre e unha hipoteca, barreiras e aramadas, e mesmo obstáculos que impiden o coñecemento doutros idiomas máis importantes¹⁰ (CFV *dixit*). O mundo do século XXI tende á oligoglosia, situación na cal só unhas poucas linguas privilexiadas sobrevivirán. É a crueza do darwinismo lingüístico.

Esta idea sobrevalorada do número de falantes, de lingua de imperio, que favorece o progreso percorre todo o século XX e mesmo xa apunta no XIX. Curros Enríquez no poema "Introdución" de *Aires da miña terra* di que todo tende á unidade e ao progreso, mais el, nunha saída moi idealista, afirma que esta lingua única do futuro será o galego.

Outro dos criterios que se esgrimiu e se esgrime en contra do galego é a súa falta de utilidade. Gloria Lago, presidenta de GB afirma nun xornal: "Pasada Pedrafita o galego non nos serve para nada" (GH, 21-10-2008). Nunha pancarta exhibida na manifestación do 8 de febreiro pasado, promovida por este grupúsculo podíase ler: "*Gallego es fracaso escolar*", e nun vídeo que estivo varios días colgado no portal de internet de *A Nosa Terra*, ouvíase unha manifestante replicar aos que se opuñan á manifestación: "*¡Aldeanos!*". Corina Porro, membro destacado do PP de Galiza, declara:

Estou en contra do decreto do ensino porque hai asignaturas científico-técnicas, como poden ser as matemáticas, nas que non pode haber imposición, porque limitas os alumnos cando van fóra. A imposición provoca rexeitamento en persoas que terían que amar o idioma da súa terra" (ANT, 16-22-10-2008).

O voceiro da Confederación de Asociacións de Pais de Alumnos de Colexios Concertados, José Ramón Hermida di: "*Utilicemos el sentido común, Químicas o Físicas, con tantas nomenclaturas internacionales no se pueden dar en gallego. No podemos retroceder*".

A campaña de minusvaloración do galego acada tal grao de intensidade que un grupo de investigadores vinculados co Centro Europeo de Investigación Nuclear (CERN) dan un paso adiante para rebater estes prexuízos lingüísticos e sacan un comunicado (*Vieiros*, 27-5-2009) e nel afirman, entre outras cousas, que o galego é un idioma plenamente válido para a investigación científica.

Se volvemos a vista atrás atopamos afirmacións moi similares. O primeiro texto aparece no xornal *La Noche* en 1948 e asínoa Julio Sierra (pseudónimo); o segundo publícao o mesmo periódico en 1950 e está asinado por Dámaso Alonso:

¹⁰ Aínda que non se mencionan estes idiomas entendemos que se están a referir ao inglés.

Querer usar el gallego en la correspondencia, en los oficios burocráticos, en el periodismo y aún en la novela postfreudiana, supone un inconcebible disparate, un vandálico sacrilegio verbal, algo cercano a la blasfemia.

Los que formen ese Diccionario tendrán que saber que el gallego es hoy una lengua, por un lado, rural, y por otro, poética, y nada más; que para escribir Ciencia y Filosofía, los gallegos tendrán que escribir en castellano (que lo hacen espléndidamente) (Freitas Juvino, 2008: 334)

Mais o peor pecado destas linguas en xeral e da galega en particular, antes e agora, é ser a lingua dos separatistas, dos disolventes que queren romper España (lémbrese a agre campaña contra o Estatuto catalán na que se clamaba que España se rompía, se crebaba). Non se debe esquecer que un dos motivos que se achegou para xustificar o golpe de estado de 1936 foi evitar a ruptura de España. Antano e hogano a mesma cantilena.

Se hai algunha expresión que se vén repetindo ultimamente como unha ladaíña ou coma un mantra é “**imposición lingüística**”. “O galego imponse”, exclaman uns, “Quérese erradicar o castelán”, pregoan outros; “Os castelanfalantes estamos discriminados”, atronan os demais. Pero, quen impón o galego? Segundo eles, os nacionalistas seitaros, recalcitrantes, radicais e fanáticos; os que pretenden a normalización lingüística que non é outra cousa, en realidade, que o cambio, mediante a imposición dos hábitos lingüísticos da sociedade (Blanco Valdés, LVG, 17- 6-2009). En consecuencia, os adalides da liberdade (“O noso é o contrario á imposición”, Núñez Feijoo *dixit*), (GH, 27-5-2009) saen a escena para proclamaren que nin os territorios nin as linguas teñen dereitos, só as persoas os posúen¹¹, e o que se está a producir é unha imposición sen contemplacións como afirma o presidente e editor de LVG:

Ahora, aquel hermoso ideario de los grandes galleguistas parece usurpado en manos de intolerantes que lo emplean como arma arrojada entre gallegos. Muchos callan ante esto. Pero yo, que fui multado precisamente por impulsar que se publicase en gallego en este periódico, hoy protesto. Protesto porque el idioma que antes fue negado ahora se quiere imponer sin contemplaciones ni concesiones al sentido común. Y la lengua se parece en esto al amor. Si nadie por la fuerza pudo retirarla, nadie por la fuerza podrá tampoco imponerla”.

Ou unha imposición de “luva branca”, como diría o CFV. Pola contra, afírmase: “*Son ellos (os galegofalantes) los que gozan abusivamente de privilegios como el que sobrevalora el gallego. A estos privilegios les llaman discriminación positiva*” (FV, 12-10-2008).

Por conseguinte estase a violentar o espírito da Carta Magna: “*Además de violentar la letra y el espíritu de la Constitución, se han propuesto imponer lenguas por la fuerza*” (Blanco Valdés, LVG, 24-8-2008), e a producir unha fraude constitucional (*Manifiesto*) ao outorgarlles ás outras linguas, españolas tamén, dereitos dos que non deberían gozar. Alén diso, malia afirmar o Estatuto de Autonomía que a lingua propia de Galiza é o galego, os “expertos” do CFV e Blanco Valdés, catedrático de dereito constitucional, sosteñen que o castelán é tamén a lingua propia de Galiza.

Xa no paroxismo e no cumio da mistificación danlle a volta á moeda e Rosa Díez fala de “ditadura lingüística” (*El Mundo*, 27-12-2008), Pérez Reverte de franquismo ao revés, Blanco Valdés observa que se está a crear un “gulag lingüístico” (*LVG*, 30-7-2008) e que o BNG pretende montar unha “intifada” contra o partido do goberno (*LVG*, 17-6-2009), o PP proclama que defender o

¹¹ Tese coa que concorda o Valedor do Pobo, Benigno López: “os idiomas non teñen dereitos; son os pobos os que os teñen” (GH, 4-6-2009).

galego "bata suniza o país" (GH, 10-2-2009), GB compara os catelanfalantes coas vítimas do terrorismo (ANT, 7-13-2009) e o xornalista Carlos Luís Rodríguez manipula o lema da garda civil e titula un artigo seu: "*Del todo por la patria, se pasa al todo por la lengua*", e a seguir escribe: "*La lengua es transformada por los ídólatras en un dios al que hai que supeditar todos los demás principios y valores*" (ECG, 26-6-2008).

Detrás de toda esta reste de declaracións e afirmacións nas que latexan os prexuízos seculares incubados polo pobo galego hai un profundo autoodio xerado polo desprezo e a burla a que foron sometidos os galegos e que se vén denunciando dende hai séculos (Pintos, Rosalía, Curros, Lamas Carvajal, Castelao...). É moi clarificadora a este respecto unha carta ao director que publica (LVG, 18-4-2009) titulada "*Me tomé por un señorito*". Baixo a aparencia de defender o galego amosa unha actitude paternalista e rancia coa lingua e cos galegos que reflicte os prexuízos máis arraigados:

Soy castellano parlante. Hace unos meses estaba sellando la lotería donde siempre lo hago y coincidí con un paisano que en ese momento conversaba con el administrador. Digo paisano porque hablaba en gallego de cuna. Me metí en la charla también en gallego, que lo hablo muy bien, modestia aparte. Al notar por mi acento mi lengua materna me tomó por un señorito o algo parecido y decidió pasarse al castellano, aunque me entendía, y por más que yo insistí, no se apeó de la burra.

Ao ler este texto vénme á cabeza outro case idéntico de Moure Mariño escrito en 1979:

No ha mucho, en una visita que hubimos de realizar a una granja moderna, yo formulaba mis preguntas en gallego al labriego que me mostraba las instalaciones, mientras éste se obstinaba en responderme en castellano (...). Sin duda, veía en mi facha un "señorito" al que, lo procedente era hablarle en castellano (...). Y el diálogo prosiguió hasta un momento que dije al labriego: "fáleme por favor en gallego, que o entendo millor co castelán" (Freitas Juvino, 2008: 570).

Di Pérez Reverte que os que promoven a normalización son "caciques" e "paletos" para os que a lingua non é máis que un pretexto para adoutrinar as novas xeracións (esquécese o escritor dos séculos de inmersión lingüística en castelán padecida polos rapaces e rapazas galegas e doutras partes de España); e a súa imposición e coñecemento converte os nosos fillos en "iletrados", como se afirma nunha carta ao director de (LVG, 17-2-2009). Coma no século XIX e XX o galego segue a se considerar unha lingua melodiosa e meliflua a cal non se debe impoñer senón amar, como declara o presidente da Xunta: "*Feijoo receta amar el gallego "para impulsarlo y no imponerlo; las lenguas no se imponen, se quieren, se aman"*" (El País, 15-10-2008). Sente tanto amor pola lingua galega que avoga por un bilingüismo que deixou de ser harmónico para transmutarse en cordial e amable, do cal el dá bo exemplo ao alternar varias veces en discursos públicos os dous idiomas. Deste xeito titula *El País* (25-2-2009): "*Feijoo se pasa al castellano en Ferrol y recupera las tesis de GB*". Afánanse tanto en dar exemplo que 4 de 10 canselleiros/as utilizaron o castelán na súa toma de posesión e nos primeiros contactos coa prensa e a televisión. Igualmente, varios deputados romperon o *statu quo* do uso lingüístico no Parlamento ao empregar o castelán; o presidente, paternalista, recomendoulles que fosen aprendendo o galego devagar e a presidenta da institución, Pilar Rojo, xustificou este comportamento dicindo: "Galicia é bilingüe" (GH, 2-4-2009).

Ao falarmos de amor á lingua, leamos un outro texto publicado en *La Voz de Galicia* no ano 1964:

Que después de examinar todo ello con un poco de calma, la españolización de Galicia se impone. Se impone si no queremos, en aras de una imperfecta tradición dialectal, que nos tachen de palurdos, sin ser, que reinen confusiones bilingües perjudicadoras de la cultura y del avance de los pueblos, que se prolongue y perviva el ridículo escarnio de una raza a costa de la jerga usada por la generalidad de las gentes gallegas. Nadie se escandalice; nadie ponga en el cielo el grito abierto. Yo, gallegos de las cuatro provincias, amo a Galicia, mi tierra. Y por eso, porque la amo, me duele, como a Miguel de Unamuno le dolía España (...).

Borremos los hábitos inútiles y perjudiciales para nuestra tierra, lo mismo que intentamos desterrar el arado y el traspies (sic)¹².

Españolizar, con nuestro idioma español, a Galicia, es también, aunque algunos aferrados opinen lo contrario, una forma de amarla (Freitas Juvino, 2008: 552)

Pero non só os españois e galegos denigran e desprezan o noso idioma, George Steiner, intelectual de talla internacional, realiza unhas infaustas declaracións a *El País Semanal* (24-8-2008) nas que di "¡Pero no me compare el catalán con el gallego! El catalán es un idioma importante con una literatura impresionante. Pero el gallego ¿por que ha de ser obligatorio en la universidad?".

Outra das tachas que se lle apón ao galego e que vén de tempos pretéritos é a súa gran variedade dialectal e a súa falta de codificación, dunha norma culta. Conscientes diso, dende mediados do século XIX (Francisco Mirás, Saco e Arce, Marcial Valladares, e xa no século XX, a RAG, o SEG, Lugrís Freire, Carballo Calero, etc) intentaron dotar o galego dunha gramática, un dicionario e unhas normas para a escrita e para os contextos formais. Mais a pesar de todos os esforzos realizados, aínda arestora hai quen afirma que o galego culto non existe e que o que se vén facendo nos últimos anos é inventar unha "neolengua". Isto é o que sostén Andrés Freire, fundador de "Tan Gallego Como el Gallego", embrión de GB, nun deleznable e incualificable panfleto para FAES que xa mencionamos anteriormente. Para el o proceso de normalización é unha "extravagancia" e, confundindo os conceptos elementais de normalización (planificación do estatus) con normativización (planificación do corpus), opina que como o galego non existía, unicamente sobreviviran diversas variantes dialectais, houbo que inventalo, e este *neogalego*, que non ten nada que ver coa fala popular, a cal conserva trazos como a gheada rexeitados polos urbanitas neofalantes, está constituído por un vocabulario cambiante e artificioso, tirado fundamentalmente do portugués por carecer este de vocábulos axeitados. E se a lingua galega se conservou foi debido ao illamento e ao analfabetismo dos seus falantes. De aí a afirmar que o galego é un dialecto de rústicos pailáns só hai un pequeno chanzo (lembremos que ata 1959 a RAE non recoñece oficialmente que o galego é unha lingua e que nos anos setenta se estudaba en Santiago un manual de Filoloxía Románica (Vidos) que afirmaba que o galego era un dialecto porque non era lingua de Estado)¹³. Ao ser un *constucto* case artificial, os galegos/as non se senten identificados con el e isto provocou que en apenas 20 anos se redactasen tres normativas ortográficas diferentes (1982, 1995, 2003)¹⁴.

¹² Confúndese a palabra castelá *traspies* coa palabra galega *trespés* ou *trepia*.

¹³ A Academia Española suprime "tonto" como acepción de galego, pero segue mantendo a de "tatexo", que parece que se usa en O Salvador. A acepción de "lengua de los gallegos" é a número 5 (LVG, 9-7-2009)

¹⁴ Como é obvio isto non é certo. Só hai unhas *Normas* (1982) que foron modificadas levemente dúas veces.

Habería que lembrarlle que toda lingua estándar é por definición unha construción (Moreno Cabrera, 2008¹⁵) e que na súa orixe todas as grandes linguas empezaron sendo modestos dialectos falados por pequenas etnias ou comunidades (*Idem*, 2000)¹⁶. Este prexuízo calou en sectores soais e reflíctese nalgunhas cartas ao director. Dise nunha delas: "*Me encanta oír falar el melodioso gallego auténtico (no el de plástico, creado en un laboratorio, ese me provoca infección de oídos)*" (LVG, 3-10-2008). E noutra:

Afortunadamente me he podido evadir por unos días del agrio ambiente que desde hace tiempo se respira en Galicia con motivo de la imposición de un idioma. Pasear por el resto de España es como recibir una agradable y purificadora brisa que te hace olvidar las miserias a las que los gallegos antiespañoles intentan someter a sus paisanos por utilizar el español versus el gallego castrapo, castrapo que quieren imponer en contra de la voluntad de los ciudadanos" (LVG, 25-5-2009).

Mesmo hai quen, nun alarde de ignorancia suprema, lle atribúe a elaboración do galego estándar ou normativo ao BNG: "Hai tempo que me pregunto a que vén esa manía do Bloque de impoñernos o seu argot... a única explicación que lle atopo é que en realidade ten vergonza de falar coma nós, o vulgo" (LVG, 25-6-2009).

A mellorar a imaxe do galego cultivado, estándar, contribúen escasamente os políticos e os medios de comunicación públicos galegos no seu uso ritual e litúrxico. Na maioría das ocasións emprégase un galego forzado e con absoluto desleixo e desprezo polas normas e polo lingua mesma, o que non deixa de significar unha infravaloración que non se toleraría co castelán. Isto leva ao escritor Fernán-Vello a criticar nun artigo titulado "Agora a mellorarmos o galego" (GH, 19-5-2009) as deficiencias de moitos políticos á hora de utilizar a lingua do país. Para o galego todo vale, para o castelán non. Aquí acáenos moi ben unha frase de Manuel Portela Valladares: "A lingua non pode ser a mesma para falar de chousa a chousa que para falar de libro a libro" (*Nós*, 1923).

4. Casos de represión e discriminación explícita

Neste apartado vou referir varios casos aparecidos nos medios de comunicación de represión directa ou indirecta que sufriron galegofalantes ou persoas que reclamaron os seus dereitos lingüísticos.

Unha empregada de Navantia envía un correo electrónico a un compañeiro de empresa no que lle di: "*El resto de su escrito no sé si lo escribe su hijo de dos años o es algún dialecto con el que hablan ustedes en la aldea*". Nesta empresa de Ferrol só se emprega o galego nos talleres. Unha traballadora de Carrefour recibiu o seguinte insulto do seu xefe de sección: "*Burra, no hables lenguas menores*". Un mozo fixo unha entrevista de traballo en Vigo e, sendo experto en sete idiomas e aspirando a ser recepcionista dun hotel, recibiu a seguinte advertencia: "*Y si se te escapa algo en gallego?*" (ECG, 26-6-2008). O BNG denuncia que as forzas de seguridade rexeitan certificacións académicas en galego (LVG, 15-9-2008). A UNED négalle ao filólogo Héitor Mera o dereito a

¹⁵ Moreno Cabrera, J. C. (2008): *El nacionalismo lingüístico: Una ideología destructiva*. Barcelona. Ediciones Península.

¹⁶ Podemos facer referencia a unha lingua coma o francés, que comezou sendo un dialecto do norte de Francia (franciano) para se converter na lingua da corte asentada en París. En 1.539 a ordenanza de Villers-Cotterêts insataurou o francés como lingua oficial de todo o reino. Malia iso, estímase que ata finais do Século XIX só un 20% da poboación falaba o que hoxe se coñece como lingua francesa.

presentar a súa tese de doutoramento en galego, porén si o pode facer en calquera lingua estranxeira; finalmente, o eco de semellante desatino nos medios de comunicación e a actitude afouta do doutorando fan que a Universidade rectifique (ANT, 16-22-10-2008); á fin, o 12 de xuño deste ano defendeu a súa tese que versaba sobre o escritor Bernardino Graña. Unha granxa escola de Fornelos de Montes (Pontevedra) prohibe o uso do galego aos seus traballadores. Dúas empregadas e un empregado da Capitanía Marítima de Burela denuncian acoso laboral por esixir o uso do galego de acordo coa legalidade. O 0% da documentación da Capitanía está en galego (GH, 11-5-2009). A Mesa denuncia dous casos de discriminación lingüística no Sergas, un no Hospital Arquitecto Marcide e outro no Naval de Ferrol. Dous facultativos negáronse a atender "oralmente en galego a un paciente". Ao demandar un formulario de queixa, o home atopouse con que "só se lle facilitaba un modelo en castelán" (GH, 30-6-2009). O PSOE cos seus votos en contra e o PP coa abstención impiden que o Senado reclame poderen realizar os exames do MIR en galego (XG, 1-4-2009). Ana Pontón do BNG denuncia que o galego non se considera mérito nin requisito para a designación do director/a do CGAC (XG, 19-6-2009). Suprímese un programa de promoción de música en galego da Radio Galega, "Aberto por Reformas", presentado por Xurxo Souto. A Deputación de Pontevedra deixa de comprar libros no idioma propio de Galiza para a súa biblioteca, porén subvenciona a GB para celebrar un congreso sobre bilingüismo (GH, 5-6-2009). Nunha carta ao director de (LVG, 14-7-2009), unha moza quéixase de que se presentou a unha oferta de traballo na que se demandaba unha dependenta e, despois de lerlle o currículo e comentarlle a experiencia profesional en galego, recibiu a seguinte contestación: *"Como veo que no sabes hablar español, no me interesa. Gracias."*

5. A voltas coa toponimia

A deturpación da toponimia foi unha constante ao longo do século XX, ben por castellanización, falsa castellanización e mesmo híbridos entre as dúas linguas. Con iso pretendíase borrar un dos trazos identitarios máis sobranceiros de Galiza; nada menos que unha riqueza de 250.000 nomes de núcleos de poboación habitados. Cando criamos superada esta manipulación da realidade galega, atopamos:

O xuíz decano da Coruña afirma: *"No tengo ningún rubor en usar la ilegalidad del topónimo "La Coruña" (LVG, 26-6-2008).*

Carlos Negreira, portavoz do PP no concello da cidade herculina esíxelle ao alcalde que traballe para que *"reine la libertad en la ciudad y los coruñeses escojan el topónimo que deseen"* (ABC, 10-3-2009).

Andrés Freire titula un artigo *"El día que La Coruña desapareció"* (*La Ilustración Liberal*). Refírese o autor a unha sesión do Parlamento español do 3 de xuño de 1997, na que segundo as súas propias palabras:

Los representantes de la soberanía nacional se sentaron a votar en favor de la prohibición del uso oficial de las palabras españolas. (...) La nueva ley, al reconocer la oficialidad única de A Coruña y Ourense, rechazaba implícitamente la cooficialidad de las formas castellanas.

Elíxese esta forma e non outras porque

cuando a los galleguistas les dio por normativizar sus hablas rurales y marineras de Galicia, escogieron A Coruña como forma estándar de su neolingua (sic). Con esta elección, demostraban otra vez su preferencia por la pronunciación castellanizada del idioma, así como

su aversión instintiva y profunda por los rasgos más populares y extendidos de las hablas gallegas, como la oscuridad de sus vocales, el seseo y la geadá (j por g)".

O 15 de maio deste ano o superdelegado da Xunta na Coruña, Diego Calvo, anuncia que o goberno de Feijoo quere facer oficial a forma La Coruña (GH, 14-5-2009).

Mais non só se segue a rexeitar a toponimia en galego, UPyD reacciona iradamente ante unha campaña da Universidade de Vigo en favor da galeguización dos nomes "Chámate con xeito", e considéraa "unha campaña de persecución violenta contra quen non comunga co nacionalismo obrigatorio" (GH, 23-10-2008).

6. A Igrexa

A Igrexa foi tradicionalmente unha das institucións máis castelanizadas e os seminarios foron centros nos que se perseguía o galego con saña. Abundan os testemuños a este respecto. Arestora unha parte importante do clero segue a rexeitar a lingua galega. Recollemos da prensa:

O párroco de Vedra, Arminio Iglesias, di: "Nos anos corenta prohibíannos falar galego no Seminario. Hoxe din que aquilo era unha barbaridade. Eu digo que é un acerto". Para el a diversidade lingüística é "unha grande incomodidade que hai que soportar", e "os nacionalistas utilizan o galego como axuda ao separatismo" (GH, 18-6-2008). É evidente que non pasou de Babel a Pentecostés.

"La Iglesia culpa a los feligreses de que las misas sean en castellano", titula *El País* (19-5-2008). Segundo a información que fornece este xornal, entre o 70% e o 40% das igrexas non celebran ningunha misa en galego e só un 20% de "párrocos heroicos han desterrado el castellano". Nun 20% das parroquias néganse a utilizar o galego e noutras soamente se atreven coa homilía e, como moito, coas lecturas. Porén, no adro poden recibir os fregueses en galego mais ao entrar ao templo teñen que cambiar ao castelán obrigados pola xente.

7. Infravaloración dos escritores/as gallegos e da súa literatura

Como xa ocorrera no século XX, preténdese minusvalorar a lingua galega como trazo diferenciador ao considerar literatura galega toda obra publicada por escritores/as gallegos nados en Galiza, independentemente da lingua na que escriben; ademais, no caso de seren bilingües, valórase máis a obra en castelán; se só escribiron en galego fálanse deles con total desprezo: *"Tan buena poetisa y tan gallega es Rosalía de Castro cuando escribe en gallego como en castellano. Y Rosalía hablaba habitualmente y escribía sus cartas particulares en el único idioma común de todos los gallegos: el castellano"* (LVG, 17-4-2009)

No mesmo artigo mencionado anteriormente de Andrés Freire, di referíndose a Castelao:

Entonemos un lamento por la derecha gallega¹⁷, que eleva a Castelao al indisputado rango de Padre Fundador de la Patria. ¡Qué extravío el suyo! Y esas frases de Castelao, tan antiguas y anticuadas que parecen dichas por un estudiantillo romántico en unos juegos florales, tomárselas en serio, hacer política con ellas...

¹⁷ Estase a referir a unha intervención de M^a Jesús Sáinz, do PP.

Das Irmandades da Fala, do Grupo Nós, e máis concretamente de Risco:

La historia oficial procura que se olvide que el reducido número de protonacionalistas tenía en general unas fuertes inclinaciones reaccionarias, y que, en los turbulentos tiempos de la República, la mayoría de ellos fue más fiel a su señoritismo que a su nacionalismo. El mismo fundador del Partido Galeguista, Vicente Risco, acabó por traicionar su causa y escribió sonetos en loa de Franco. Por supuesto, es iluso buscar este dato en libros de texto o en discursos públicos.

Igualmente, Andrés Molares do Val na sección “Crónicas Bárbaras” (GH, 4-5-2009) afirma:

Y aunque apelan a la literatura para demostrar la importancia del gallego, se niegan a recordar que todos sus grandes autores, desde Alfonso X hasta Cela, fueron al menos bilingües. Razonando así¹⁸ deberían acusar de tal crimen contra la humanidad a Rosalía de Castro y no reivindicarla como ejemplo del integrrismo nacionalista que propugnan. Porque Rosalía, irritada con los fervores localistas precursores del actual nacionalismo, juró en 1881 no volver a escribir en gallego. Cumplió: la autora escribió en castellano sus últimas obras, entre ellas la mejor de su vida, *En las orillas del Sar*, un año antes de morir en 1884. Pero este dato fundamental trata de ocultarse.

A situación real da lingua galega arestora é moi preocupante; crebouse a *pax* lingüística que pairou nos últimos anos; pasouse dunha certa calma social a un aberto conflito lingüístico, cualificado por algúns como guerra lingüística. Mais, quen rompeu realmente o *statu quo*, esa avinza tácita que se veu mantendo ao longo dos últimos 25 anos? Como xa sinaléi anteriormente, foi o PP, e fíxoo por motivos partidarios e para apañar algúns votos máis. Porén, empecínanse en negar a realidade e acusan o bipartito de romper a harmonía social e de crear un problema lingüístico onde antes non o había. O culpable sería o PSOE, por ceder á chantaxe dos nacionalistas intransixentes, e así o pregoan acotío nos medios de comunicación articulistas que estean as teses do goberno. Di Pablo Mosquera:

En Galicia no había problemas. Usábamos el gallego en libertad. Lo aprendemos por cariño y estamos orgullosos de ser gallegos, hablando en gallego. Pero desde el momento que alguien pretende imponer, discriminar, denunciar, alterar el curso de la espontaneidad, crea un problema donde no lo había. Y aquí como en otras cuestiones, los extremos políticos se tocan. Defendamos el idioma sin violentar a nadie (LVG, 8-9-2008).

Ante o alarmismo social creado pola involución nos dereitos lingüísticos dos galegofalantes, a maioría dos sindicatos, asociacións de nais e pais, a coordinadora dos ENL, as tres universidades galegas e institucións como o ILG e a RAG víronse obrigados a intervir publicamente para apoiar e defender ese *continuum* favorecedor da normalización que se viña producindo dende os anos 80. O ILG, nunha carta ao presidente da Xunta advértelle do “dano gravísimo” que está a inflixis ao prestixio social da lingua (*Vieiros*, 22-6-2009).

A RAG, nun comunicado emitido o 12-5-2009, declara que “resulta preocupante que as primeiras decisións lingüísticas anunciadas pola Xunta de Galicia sexan todas desprotectoras da lingua galega”. O seu presidente, Xosé Ramón Barreiro, fai unhas declaracións a *Galicia Hoxe* (11-5-2009) nas que se amosa desacougado polo que o cambio de goberno pode supor respecto da lingua de Galiza.

Uns meses antes, o Consello de Europa criticara a situación de abandono da lingua galega; consideraba que a situación no ensino era insatisfactoria e a súa presenza na etapa preescolar moi escasa; na Xustiza e nas empresas que prestan

¹⁸ Refírese a supostas afirmacións que fan os nacionalistas de que o pobo galego se extinguirá sen a súa lingua oriúnda, por iso se debe impoñer coercitivamente o gallego. Senón acabárase nun “Holocausto ontolóxico”.

servizos públicos en Galiza estaba totalmente discriminada. E para paliar esta situación, propuña unha inmersión total na lingua propia (*El País*, 12-12-2008). Con esta tese concorda Moreno Cabrera (2008), que receita como única solución posible ante o bilingüismo substractivo que se está a producir a discriminación positiva:

En efecto, las Comunidades Autónomas tienen la obligación de promover sus lenguas cooficiales en el maior número de ámbitos posibles para elevarlas, hacerlas útiles, dignificarlas y para evitar la observación de Bernard Shaw sobre los negros limpiabotas (*Los obligais a limpiar zapatos - decía- y llegáis a la conclusión de que solo sirven para limpiar zapatos*)... Esta promoción sólo puede basarse en el principio de la discriminación positiva, si es que se desea que tenga algún éxito (*Ibidem*: 201).

8.- A modo de conclusión

- **Lexislación:**

Trátase de despojar a lingua galega dos dereitos adquiridos esgrimindo o axioma da imposición do galego.

- **Exaltación / infravaloración**

Castelán: extenso, xeneroso, internacional, importante, útil, lingua de cultura e de progreso, lingua común que nos sitúa no mundo...

Galego: inútil, barreira, un lastre, unha hipoteca, minoritaria, lingua de pailáns que nos pecha as portas do mundo e do progreso, un invento, a lingua oral conservouse grazas ao illamento e ao analfabetismo, non *motu proprio*, estigma co que temos que cargar os galegos/as, bandeira á que se agarran os nacionalistas seitaros...

- **Toponimia**

Afortunadamente son escasa sas novas que recibimos sobre este tema. Dende a LNL (1983), os topónimos oficiais son as formas en galego, mais é moi frecuente escoitar formas como: *Jeve, Sanjenjo, Villanueva de Arosa, Villagarcía, Caldas de Reyes, Carballino, Orense, etc.*

- **Igrexa**

A lingua galega ten escasa presenza no rito formal da misa pero é máis frecuente na interacción informal entre os cregos e os fregueses.

- **Infravaloración de escritores**

Algúns seguen a considerar a lingua galega como un trazo non diferencialista e como unha lingua que só pode xerar unha literatura de segunda clase.

- **Casos de represión**

Son varios os casos de represión ou discriminación de galegofalantes, tanto dun xeito directo coma indirecto. Aínda non se superou ese autoodio secular que se inoculou no pobo galego facéndolle crer que o seu idioma era inferior, un estigma ou anatema que os identificaba negativamente.

Pontevedra, 15 de xullo de 2009